

Resolución do 23.08.2021, pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Ordinario (PO) Núm. 162/2021 interposto pola Sección Sindical do Sindicato Comisiones Obreras da Universidade da Coruña

No Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 4 da Coruña tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao PO Núm. 162/2021 interposto pola Sección Sindical do Sindicato Comisiones Obreras da Universidade da Coruña fronte á Resolución do 29 de decembro de 2020 da Universidade da Coruña, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado colaborador por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado/a doutor/a, correspondente ao ano 2020.

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 4 da Coruña no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña,

O reitor

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	o3FU6dp1hbY1S3JL3A/GIQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	24/08/2021 14:15:32
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/o3FU6dp1hbY1S3JL3A/GIQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

